



## Concello de Meaño

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2019.

#### ASISTENTES

#### GRUPO POLITICO

#### ALCALDE, que preside:

D. Carlos Vieitez Fenández PP

#### CONCELLEIROS:

D. Ramón Tilve Castro PP

D<sup>a</sup> María Estévez Barbeito PP

D. Ángel Currás Pérez PP

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Balboa Lores PP

D. Ramón Alfonso Piñeiro PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D<sup>a</sup> Cristina Castro Pintos MI

D. M<sup>a</sup> Pilar Prado González MI

D. Juan Forte Ásperez MI

D. Alberto González Dopazo MI

D<sup>a</sup> Ana Belén García Piñeiro PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

#### CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

#### SECRETARIA:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 27 de setembro de 2019, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión. Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

O Sr. alcalde maniféstalles aos membros da Corporación que desde a cordialidade, o respecto que se merecen os veciños, os membros da Corporación e a institución a que representan vaise a proceder cos asuntos do orde do día desta convocatoria.

#### **A) Parte resolutiva**

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 13-08-2019.

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros do Pleno da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 13 de agosto de 2019; non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018 (EXP. 661/2019).





## Concello de Meaño

O Sr. alcalde-presidente dá conta, someramente, aos membros da Corporación do informe-propota da Comisión Especial en relación coa conta Xeral do Concello de Meaño, correspondente ao exercicio económico 2018, que foi formada pola secretaria-interventora do Concello, ó abeiro do artigo 208 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, posta en coñecemento dos membros da Comisión Especial de Contas, ao abeiro do artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 13 de agosto de 2019, exposta ao público, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 157 de data 19 de agosto de 2019, no Taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello polo período dos quince días hábiles; sometendoa, conforme dispón o artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en concordancia coa Regra 49.3 da Instrucción do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola OM HAP/1781/2013, do 20 de setembro, ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, e posterior remisión ao Consello de Contas.

Non producíndose intervencións e sometido asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o informe e proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:


1º Aproba-la Conta Xeral do Concello de Meaño correspondente ao exercicio económico 2018, có resumo que de seguido se expresa:

### 1.1.1. Balance.

O seu resumo é:

<b>ACTIVO</b>	
<b>A) Activo non corrente</b>	20.407.170,31
I. Inmovilizado intanxible	31.409,80
II. Inmovilizado material	20.369.710,51
<b>B) Activo corrente</b>	3.871.182,44
III. Debedores e outras contas a cobrar a curto prazo	176.101,86
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	3.695.080,58
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>24.278.352,75</b>

<b>PASIVO</b>	
<b>A) Patrimonio neto</b>	23.816.561,93
I. Patrimonio	7.574.546,68
II. Patrimonio xenerado	15.819.150,98
III. Resultado de exercicios anteriores	616.918,36
IV. Subvencións recibidas pendentes de imputar a resultados	422.864,27
<b>B) Pasivo non corrente</b>	72.670,99
I. Débedas a longo prazo	72.670,99
<b>C) Pasivo corrente</b>	389.119,83





## Concello de Meaño

II. Débedas a curto prazo	125.074,56
IV. Acredores e outras contas a pagar a curto prazo	264.045,27
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	<b>24.278.352,75</b>

### **1.1.2. Conta de Resultados Económico-Patrimonial.**

O seu resumo é:

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	
1. Ingresos tributarios e urbanísticos	1.620.035,52
2. Transferencias e subvencións recibidas	2.175.864,38
3. vendas e prestación de servizos	83.190,64
4. Var. De exist. De productos terminados e en curso de fabricación e det. valor	-7.239,44
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	15.595,43
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+6+7)</b>	<b>3.887.446,53</b>
8. Gastos de persoal	-1.434.185,18
9. Transferencias e subvencións concedidas	-389.491,72
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-1.102.974,83
12. Amortización do inmovilizado	-434.591,61
<b>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+11+12)</b>	<b>-3.361.243,34</b>
<b>I Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)</b>	<b>526.203,19</b>
14. Outras partidas non ordinarias	68.727,48
<b>II Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)</b>	<b>594.930,67</b>
15. Ingresos financeiros	21.987,69
<b>III Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)</b>	<b>21.987,69</b>
<b>IV Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)</b>	<b>616.918,36</b>

### **1.1.3. Estado de cambios no Patrimonio Neto**

Que informa sobre as variacións do Patrimonio do Concello, o seu detalle figura no expediente.


### **1.1.4. Estado de Fluxos de Efectivo**

Que informa sobre o orixe e o destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, o seu detalle figura no expediente.

### **1.1.5. Estado de liquidación do Orzamento**

#### **GASTOS**

DESCRICIÓN	
Créditos iniciais	3.815.875,00
Modificacións	2.019.697,85
Créditos definitivos	5.835.572,85
Gasto comprometido	4.000.401,24





## Concello de Meaño

Obrigacións recoñecidas	3.818.589,12
Pagos	3.702.934,98
Obrigas pendentes de pago	115.654,14

### INGRESOS

DESCRICIÓN	
Previsións iniciais	3.815.875,00
Modificacións	2.019.697,85
Previsións definitivas	5.835.572,85
Dereitos recoñecidos	3.985.957,67
Dereitos anulados	46.613,53
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	3.939.344,14
Recadación neta	3.769.243,07
Dereitos pendentes de cobro	170.101,07

### RESULTADO PRESUPOSTARIO

DESCRICIÓN	
Dereitos recoñecidos netos	3.939.344,14
Obrigas recoñecidas netas	3.818.589,12
<i>RESULTADO ORZAMENTARIO</i>	120.755,02
<i>AXUSTES</i>	426.419,10
Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	492.141,60
Desviacións de financiamento negativas do exercicio	35.442,67
Desviacións de financiamento positivas do exercicio	101.165,17
<i>RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO</i>	547.174,12


#### 1.1.6. Memoria

A súa finalidade é a de completar, ampliar e explicar a información contida nos outros documentos que integran a conta anual. Así inclúe información máis ampla e detallada como a organización do Concello, as bases de presentación da conta anual, normas de recoñecemento e valoración.

Se ben a información e moito máis ampla de seguido detállase parte da información máis relevante.

#### Inmovilizados materiais.

Saldo inicial	19.910.989,69
Entrada o dotacións	893.312,43
Aumentos	0,00
Trasposos	0,00
Saídas ou baixas	0,00
Disminucións ou trasposos	0,00
Correccións valorativas netas por deterioro do exercicio	0,00
Amortización do exercicio	434.591,61





## Concello de Meaño

Incremento por revalorización	0,00
Saldo final	20.369.710,51

### Débedas con entidades financeiras

O Concello de Meaño non ten préstamos nin débedas con entidade financeiras, polo que a súa carga financeira sitúase en 0,00 €.

### Débedas con Entidades Públicas por liquidacións negativas e outros

DÉBEDAS CON ENTIDADES PÚBLICAS 31-12-2018	IMPORTE
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2008 da participación dos concellos en tributos do estado	43.128,23
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2009 da participación dos concellos en tributos do estado	65.553,68
TOTAL	108.681,91

Das cales vencen a curto prazo, é decir, antes do 31 de decembro de 2019, 36.227,28 € e a longo prazo 72.454,63 €.

### Transferencias e subvencións recibidas

TOTAL	2.129.821,13
-------	--------------

### Transferencias e subvencións concedidas

TOTAL	368.950,76
-------	------------

### Operacións non orzamentarias de tesourería

O detalle por concepto é:


CONCEPTOS	SALDO FINAL
Debedores	7.387,15
Acredores	202.560,37
Partidas pendentes de aplicación. Ingresos	0,00
Partidas pendentes de aplicación. Gastos	0,00

### Valores recibidos en depósito

Valores recibidos en depósito pendentes de devolución 31-12-2018	295.678,99
--	------------

### Acredores por operacións pendentes de aplicar a presuposto

DENOMINACIÓN	A 31 DE DECEMBRO
Liquidación de gastos terceiro cuatrimestre Mancomunidade do Salnés	21.526,66 €





## Concello de Meaño

### Proceso de xestión de ingresos

Dereitos recoñecidos	Recadación total	Dereitos anulados	Dereitos cancelados	Recadación neta	Devolucións recoñecidas no exercicio	Devolución de ingresos pagados no exercicio	Pendientes de pago
3.985.957,67	3.815.856,60	46.613,53	0,00	3.769.243,07	46.913,53	46.613,53	300,00

### Exercicios pechados.

Gastos:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Obrigas pendentes de pagamento iniciais	44.102,57
Modificación de saldo inicial	0,00
Obrigas pagadas	31.034,83
Obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio	13.067,74

Ingresos:


DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro iniciais	242.403,26
Modificación de saldo inicial	0,00
Total dereitos anulados	0,00
Total dereitos cancelados	0,00
Recadación	118.600,61
Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio	123.802,65

### Remanente de tesourería.

Pódese definir como a magnitude que indica a liquidez do Concello, é dicir, a capacidade para facer fronte ós pagos que se teñen cos recursos dispoñible.

O detalle é o seguinte:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1. (+) Fondos líquidos	3.695.080,58
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	301.290,87
3. (-) Obrigas pendentes de pago	331.282,25
4. (+ Partidas pendentes de aplicación)	0,00
I. Remanente de tesourería total	3.665.089,20
II. Saldos de dubidoso cobro	125.189,01
III. Exceso de financiamento afectado	16.414,52
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	3.523.485,67
Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento	21.526,66
Saldos acredores por devolución de ingresos	300,00
Remanente de tesourería para gtos xerais axustado	3.501.659,01





## Concello de Meaño

---

### Outra información incluída na Memoria.

Organización

Bases de presentación das contas

Normas de recoñecemento e valoración

Inmovilizado material

Inversións inmobiliarias

Activos financeiros

Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos

Presentación por actividades da conta do resultado económico-patrimonial

Operacións por administración de recurso por conta doutros entes públicos

Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación

Valores recibidos en depósito

Execución de proxectos de gastos

Gastos con financiamento afectado

Indicadores

Acontecementos posteriores ao peche

Acta de arqueo

Certificación de saldo de contas bancarias


2º/ Efectua-la rendición da Conta Xeral 2018 ao Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas do Estado, ao abeiro do artigo 212.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### 3º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA (EXP. 587/2019).

O Sr. presidente maniféstalles aos membros do Pleno da Corporación que a vista da solicitude de designación dos representantes remitida polo Grupo de Acción local do sector pesqueiro Ría de Pontevedra e considerando que no Pleno da Corporación de data 13 de xullo de 2019 no se efectuaron estes nomeamentos, procede a súa designación; polo que lle propuxo a Comisión Especial de Contas o ditamine favorable deste asunto e a súa vez lle propuxera ao Pleno da Corporación designar como representantes do Concello de Meaño no Grupo de Acción Local do sector pesqueiro Ría de Pontevedra como representante titular a Carlos Vieitez Fernández e como suplente a Ramón Tilve Castro, ditaminando co voto de calidade do presidente neste senso.

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que reitera o sinalado na Comisión Especial de Contas polo que entende que debe ser un representante de IM e do PSdeG-PSOE e dado que o PSdeG-PSOE non se amosa interesado o Grupo Municipal MI propón como representante titular a Cristina Castro Pintos e como suplente a José Manuel Ásperez Montes.

Rematadas as intervencións e sometidas ambas propostas a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:







## Concello de Meaño

---

Proposta:

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

Votos a favor: 6 dos membros do Grupo Municipal do PP

Votos en contra: 5 dos membros do Grupo Municipal MI

Abstención: 2 dos membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Proposta:

Titular: Cristina Castro Pintos

Suplente: José Manuel Ásperez Montes

Votos a favor: 5 dos membros do Grupos Municipais do MI

Votos en contra: 6 dos membros do Grupo Municipal do PP

Abstención: 2 dos membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

A vista do resultado acadado quedan nomeados como representantes do Concello de Meaño no GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA:

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

4º.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN DA ENERXÍA (IDAE) AO ABEIRO DO REAL DECRETO 616/2017, DE 16 DE XUÑO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (EXP. 856/2019).

O Sr. alcalde-presidente da conta aos membros da Corporación, someramente, do Real Decreto 1890/2008, de 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumbrado exterior no que se aborda o problema da eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación mediante a regulación dos niveis máximos de iluminación dos espazos en función da actividade que se realiza neles e as consecuencias enerxéticas, lumínicas e económicas que a aplicación deste Regulamento veu a representar sobre a actual instalación de iluminación exterior do municipio; así como do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril polo que se modifica o Real Decreto Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, das que poderán ser beneficiarios os concellos; podendo acadar o financiamento o 80 % do investimento.

A vista dos mesmos e da memoria elaborada polo enxeñeiro D. Antonio Capelo







## Concello de Meaño

García e subscrita polo arquitecto municipal, na que se contempla a actuación en 15 cuadros e 522 puntos de luz, nos lugares de Viquín, Altamira, Ponte Dena, Coirón, Morouzos, Periras, Lores, Freixeiro e Carballoso; a Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, ditaminou favorablemente a participación do Concello de Meaño no procedemento regulado no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño.


Non producíndose intervencións e sometido asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Meaño no procedemento regulado no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 coa modificación dada polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril.

2º.- Aprobar as actuacións contempladas na memoria elaborada polo enxeñeiro industrial D. Antonio Capelo García e subscrita polo arquitecto municipal D. Antonio Vázquez Rosales, no que se contempla a actuación en 15 cuadros e 522 puntos de luz, nos lugares de Viquín, Altamira, Ponte Dena, Coirón, Morouzos, Periras, Lores, Freixeiro e Carballoso, segundo se describe:

Ref. cuadro	Cadro de mando	Puntos luz da reformar	Aforro esperado kWh/ano	Aforro esperado €/ano
4040	AP Viliquín	75	19.144	2.297,23
4044	AP Altamira	34	8.669	1.040,26
4058	AP Ponte Dena	35	9.159	1.099,08
4444	AP Coirón	12	7.353	882,36
4029	AP Corión 103	52	11.723	1.582,63
4052		55	14.474	1.736,86
4049	AP Morouzos	34	8.772	1.052,64
4397	AP Peira	33	8.149	1.100,06
4055	C/Iglesia	27	5006	575,84
5650	AP Casa Domínguez	9	2.116	253,87
4455	AP Lores	14	3.612	433,44
4375	AP Freixeiro	20	5.083	609,91
4042	AP Carballoso	63	18.576	2.229,12
5638	AP Area recreativa	22	10.320	1.238,40
4464	O Pazo-Xil	37	9.304	1.256,07

N.º de cadros	N.º puntos	Aforro anual previsto	Aforro anual previsto €/ano	Investimento previsto	Importe subvencionado	Achega Concello
---------------	------------	-----------------------	-----------------------------	-----------------------	-----------------------	-----------------





## Concello de Meaño

		kWh/ano				
15	522	143.840	19.418,35 €	195.882,16 €	156.705,72 €	39.176,43 €

Estas actuacións levaranse a cabo con cargo á aplicación orzamentaria do Estado de Gastos do Orzamento Municipal 165.62200, co compromiso de habilitar crédito suficiente para o financiamento deste proxecto e condicionada á obtención de cofinanciación FEDER para levala a cabo.

3º.- Aprobala memoria das actuacións a acometer redactada polo enxeñeiro industrial D. Antonio Capelo García e subscrita polo arquitecto municipal D. Antonio Vázquez Rosales.


5º.- PARTICIPACIÓN NO PROXECTO DESENVOLTO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN DA ENERXÍA (IDAE) AO ABEIRO DO REAL DECRETO 616/2017 DE 16 DE XUÑO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (EXP. 857/2019).

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros da Corporación, que ao abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e as súas modificacións, a Deputación de Pontevedra vai a presentar proxectos singulares, onde se engloben as actuacións propostas polo propios concello, entre as que se atopan, segundo o anexo I Real Decreto 316/2019, “**Medida** Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior.”.

A Deputación cooperará con todos os concellos da provincia para a presentación das actuacións mediante o asesoramento e colaboración por parte de asistencia técnica e colaboración económica en materia de financiamento das actuacións facendo unha aportación adicional, con fondos propios, do 10% do investimento elixible de cada actuación incluída nos proxectos singulares, e que se sumará ao 80% de financiación previsto polo IDAE e o 10% restante será aportado polos concellos.

A vista dos mesmos e da memoria elaborada polo enxeñeiro D. Antonio Capelo García no que se contempla a actuación en 23 cuadros e 505 puntos de luz, nos lugares ou paraxes de Souto-Meaño, Pazos-Simes, Quintáns-Simes, Lores, Río da Vila, Galiñáns, Paradela, Covas, Ponte Dena, Agros, Solda, Coirón, Seixiños, Altamira, Abuin coas seguintes características e distribución de financiamento:

N.º de cadros	N.º puntos	Aforro anual	Aforro anual	Investimento	Importe	Achega Concello
---------------	------------	--------------	--------------	--------------	---------	-----------------





## Concello de Meaño

		previsto kWh/ano	previsto €/ano	previsto	subvencionado	
23	505	132.638	15.916,54 €	200.000,00 €	180.000,00 €	20.000,00 €


á Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible ditaminou favorablemente a participación do Concello de Meaño no proxecto/programa que desenvolva a Deputación Provincial de solicitude de subvención ao Instituto para a Diversificación Enerxética ao abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño e formula proposta de acordo ao Pleno da Corporación.

Non producíndose intervencións e sometido asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Participar no proxecto/programa que desenvolva a Deputación Provincial de solicitude de subvención ao Instituto para a Diversificación Enerxética abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 coa modificación dada polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril.

2º.- Aprobar as actuacións contempadas na memoria elaborada polo enxeñeiro industrial D. Antonio Capelo García, no que se contempla a actuación en 23 cuadros e 505 puntos de luz, nos lugares de Viquín, Altamira, Ponte Dena, Coirón, Morouzos, Periras, Lores, Freixeiro e Carballoso, segundo se describe:

Ref. cuadro	Cadro de mando	Puntos luz da reformar	Aforro esperado kWh/ano	Aforro esperado €/ano
4494	SOUTO	82	21.079	2.529,43
4394	PAZOS 15	60	15.609	1.873,08
4045	QUINTANS 20	13	3.354	403,48
4034	LORES	28	7.224	866,88
4481	RIO DA VILA	8	2.064	247,68
4379	GALIÑANS	4	1.032	123,84
4378	GALIÑANS	19	4.747	569,66
4389	PARADELA	64	16.357	1.962,86
4479	RIO DA VILA	8	2.064	247,68
4048	COVAS 13 AP	19	4.902	588,24
4348	AGROS	29	7.405	888,55
4409	SOLDA	10	2.580	309,60
4041	COIRON 50	19	5.547	665,64
4039	AP SEIXIÑOS	38	9.804	1.176,48





## Concello de Meaño

4485	SEIXIÑOS	16	5.160	619,20
4351	ALTAMIRA 48	6	1.677	201,24
4437	CHANCA ABUIN	34	8.230	987,62
4345	ABUIN	7	1.806	216,72
4346	ABUIN	1	258	30,96
5640	ABUIN	6	1.548	185,76
4341	ABUIN	8	2.064	247,68

N.º de cadros	N.º puntos	Aforro anual previsto kWh/ano	Aforro anual previsto €/ano	Investimento previsto	Importe subvencionado	Achega Concello
23	505	132.638	15.916,54 €	200.000,00 €	180.000,00 €	20.000,00 €

Estas actuacións levaranse a cabo con cargo á aplicación orzamentaria do Estado de Gastos do Orzamento Municipal 165.62200, co compromiso de habilitar crédito suficiente para o financiamento deste proxecto e condicionada á obtención de cofinanciación FEDER e da Deputación Provincial de Pontevedra para levala a cabo.

3º.- Aprobala memoria das actuacións a acometer redactada polo enxeñeiro industrial D. Antonio Capelo García.

4º.- Facultar ao Sr. alcalde para a execución deste acordo e do que resulte da memoria de actuacións definitiva.

6º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 2/2019 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2019 (EXP. 842/2019).


O Sr. alcalde-presidente da conta do expediente de Modificación de Créditos: Suplemento de Créditos 2/2019 e Créditos Extraordinarios 2/2019, motivados en que se observa insuficiencia de crédito en determinadas partidas do Estado de Gastos do Orzamento Municipal e inexistencia de crédito, para atender necesidades que non poden demorase ata o exercicio seguinte, que afectan a:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO

#### Capítulo II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
2313.22799	50.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Servizo de axuda no fogar

TOTAL AUMENTO: 50.000,00





## Concello de Meaño

### Capítulo VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1531.60900	12.900,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Aparcadoiro en Coirón
165.62200	40.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Renovación das instalacións de alumado público
1531.60900	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Proxectos técnicos e direccións de obras

TOTAL AUMENTO: 62.900,00 €

### CRÉDITOS EXTRAORDINARIO 2/2019

#### Capítulo VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
161.60000	15.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	Adquisición terreo instalación de grupo de presión de distribución de auga

TOTAL AUMENTOS: 15.000,00 €

Financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2018.

A Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente o devandito expediente e formula proposta de acordo ao Pleno da Corporación.


Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que o custo do servizo de axuda no fogar vense duplicando dun ano para outro, propoñendo neste expediente de modificación un suplemento de crédito por importe de 50.000,00 €. O Concello ten empregadas a seis horas, non sería máis barato e razoable amplialo contrato a unha xornada completa dúas horas máis ao día, que resultan polas empregadas das que se conta 16 horas; concentrando nese tempo o servizo.

Contesta o Sr. alcalde sinalando que ese plantexamento no ve moi viable xa que neste servizo trátase de atender a un importante número de usuarias/os en horas moi determinadas polo que o que se precisa non é tanto horas dispoñibles senón persoas dispoñibles que presten o servizo nas horas puntais de demanda; engadindo, que non obstante, se pode estudar, polo que se lle solicitará un informe a traballadoras social.

Pregunta o Sr. Ásperez Montes, si se lles recoñeceu o pago do kilometraje a estas traballadoras; contestando o Sr. alcalde en centrase no asunto.

Rematadas as interveccións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o informe-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de Créditos: Suplemento





## Concello de Meaño

de Créditos 2/2019 e Créditos Extraordinarios 2/2019, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2018, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos, coa conseguinte modificación no Plan de Inversións:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2019

#### CAPÍTULO II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
2313.22799	50.000,00 €	Rte. líquido tesourería	Servizo de axuda no fogar

TOTAL AUMENTO: 50.000,00

#### CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1531.60900	12.900,00 €	Rte. líquido tesourería 870,00	Aparcadoiro en Coirón
165.62200	40.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870,00	Renovación das instalacións de alumeado público
1531.60900	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería	Proxectos técnicos e direccións de obras

TOTAL AUMENTO: 62.900,00 €

### CRÉDITOS EXTRAORDINARIO 2/2019


#### CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
161.60000	15.000,00 €	Rte. líquido tesourería	Adquisición terreo instalación de grupo de presión de distribución de auga

Quedando o resumo por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1640.653,16	1	Impostos directos	1.117.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.446.810,70	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	655.513,00
4	Transferencias correntes	191.945,59	4	Transferencias correntes	1.614.238,14
6	Investimentos reais	2.220.207,60	5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	1.320.196,05
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	775.168,86
			9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>5.518.617,05</b>		<b>TOTAL</b>	<b>5.518.617,05</b>

2º Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de







## Concello de Meaño

non presentarse reclamacións contra o mesmo.

7º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS (EXP.858/2019).

O Sr. alcalde-presidente da conta, someramente, do expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos motivado en que no DOG n.º 16 de data 23 de xaneiro de 2019, publícase a Resolución do 15 de xaneiro de 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar SOGAMA para o ano 2019, así como a bonificación para este ano, que queda fixado en 69,83€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE; a vez que se establece e fai pública unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10% da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018. Desta forma, o canon bonificado establécese en 62,93 € por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

O Concello de Meaño asumiu os compromisos sinalados e vense beneficiando desde xaneiro do 2019 desta bonificación mediante o correspondente desconto practicados nas facturas mensuais emitidas pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.; polo que procede adoptar as medidas para poder trasladar con efectos económicos do 1 de xaneiro deste ano o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos.

Visto o que antecede, a memoria económica elaborada pola secretaria-interventora e o sinalado na páxina 8 do documento “INFORMACIÓN RELEVANTE PARA AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS A SOGAMA QUE QUEIRAN BENEFICIARSE DA BONIFICACIÓN DO CANON UNITARIO NO MARCO DO SISTEMA PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA A XESTIÓN INSTITUCIONAL DOS RESIDUOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA”, remitido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, procece que se aplique a correspondente bonificación nas tarifas vixentes da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación, que resultan:

- Ano 2020: 15,4 % (que inclúe a bonificación adicional do 7,7 % do ano 2019 e do 7,7% do ano 2020)

- Ano 2021 e sucesivos (en tanto se manteña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 7,7 %.

A Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente o devandito expediente e formula proposta de acordo ao Pleno da Corporación.







## Concello de Meaño

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, o Sr. Radio Oubiña, quen sinala que todo que sexa beneficiar as/os veciñas/os e bonificacións, benvidas sexan. Engadindo que é conveniente levar o control da xestión dos residuos e que o seu grupo presentou unha moción que lles gustaría que se aplicara.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º Modifica-lo anexo-tarifa da taxa POLO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMIENTO E ELIMINACIÓN E PUNTO LIMPO, co establecemento de bonificacións ás tarifas vixentes, quedando como segue:

**Primerio.- Tarifa** (Non varía)

**Segundo.- Bonificación.**

Sobre as tarifas vixentes aplicaránse as seguintes bonificacións:

- Ano 2020: 15,4 % (que inclúe a bonificación adicional do 7,7 % do ano 2019 e do 7,7% do ano 2020)

- Ano 2021 e sucesivos (en tanto se manteña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 7,7 %.

**Terceiro: Data de aprobación.**

A presente modificación que afecta ao anexo da tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 27 de setembro de 2019, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do anexo, nos termos sinalados da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa POLO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMIENTO E ELIMINACIÓN E PUNTO LIMPO.

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Meaño e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.

8º.- CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN E ESTUDO PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL N.º 2 DO PXOM DE MEAÑO, SI PROCEDE.





## Concello de Meaño

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros da Corporación que a lexislación vixente contempla a creación de comisións informativas integradas exclusivamente por membros da Corporación, nas que terán dereito a participar os distintos grupos políticos integrantes da Corporación que teñen por función o estudo, informe ou consulta. Estas comisións poden ser permanentes ou especiais, que serán as que acorde constituir o Pleno para un asunto concreto; polo que o seu grupo considera que dado que este Concello conta xa cunha Comisión informativa permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, que abrangue, entre outras materias, o planeamento e a xestión urbanística non cree necesaria a creación doutra comisión para a modificación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal cando a existente se pode reunir cantas veces se considere necesario; polo que propón utilizar esta ferramenta que xa está creada e a proposta de calquera grupo político ou calquera integrante, se reúna e se debata o que sexa necesario.

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, o Sr. Radio Oubiña, quen sinala que cree que é conveniente deixarlle a quenda ao grupo que presentou esta proposta para que dean os argumentos pertinentes porque o outro día na comisión informativa víronse carentes destes argumentos, polo que lles gustaría que lles fundamentaran a necesidade da creación desta comisión de investigación con argumentos.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que, a solicitude de documentación que lle fixeron ao alcalde era documentación necesaria para discutir nesta comisión á que fai referencia o alcalde e que si esta fose a aptitude que tivese dende un principio non se chegaría a este revoo, nin había necesidade de convocar un pleno extraordinario que tivemos que pedir, que ademais agradezo que na Xunta de voceiros nos puxéramos os tres de acordo coa nosa proposta de celebrar unha única sesión de Pleno, co compromiso por parte do alcalde de que este punto iría na orde do día da convocatoria do sesión ordinaria do Pleno porque sería absurdo que se celebrasen dous plenos, un o día 26 e outro o día 27. Engade que, había argumentos de sobra para crear esta comisión remitíndose ao escrito de solicitude do pleno extraordinario, á propia sesión da Comisión informativa permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible na que se someteu a informe esta modificación na que Ana Belén se abstivo e ao propio Pleno donde o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE propuxo a retirada deste punto do orde do día.

Puntualiza que o seu grupo está a favor de legalizar a situación na que se atopa a Área Industrial de A Pedreira e engade que, argumenta o Sr. alcalde que xa hai comisión de urbanismo e se pode facer uso dela, pero que fixo ata agora?. Convocar entre dous plenos ordinarios un extraordinario e unha comisión de urbanismo a toda presa para tentar sacar a diante unha modificación, que insiste é necesaria, ocultando a modificación de viais e ocultando a futura ampliación da área industrial que xa está ou estaba deseñada. A proposta de crear unha comisión específica para isto ven porque a pesar de que o alcalde dí que temos unha comisión de urbanismo, o cal é certo, esa comisión de urbanismo que existe dende sempre, nunca en ningunha sesión ata agora se falou desta modificación no PXOM, o cal é moi grave porque xa se comenzaran a pedir informes fai dous anos e o que dou a parecer coa maneira de actuar do alcalde era que se pretendía correr agora demasiado e sen dar explicacións; de feito da mesma maneira





"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0419 [Decreto da convocatoria CEC 30-8-19]";"27/08/19 14:46";"Expediente CEC/2019/6 -- Convocatoria Comisión Especial de Contas."; "CEC/2019/6";"Convocatoria de A Comisión Especial de Contas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0418 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Maria Isabel Portela Juncal]";"27/08/19 10:18";"SIA 1497631 -- Expediente 760/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"760/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0417 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Patricia Fernandez Portela]";"27/08/19 10:18";"SIA 1497631 -- Expediente 760/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"760/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0416 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio Odilia Estonlle Obregón e Jose Alberto Gomez Luis]";"27/08/19 10:18";"SIA 1497615 -- Expediente 769/2019 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --";"769/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0415 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Jose Jorge Torres Serantes]";"26/08/19 15:00";"SIA 1497631 -- Expediente 710/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"710/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0414 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Maria del Pilar Carro Garrido]";"26/08/19 15:00";"SIA 1497631 -- Expediente 710/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"710/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0413 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento Alba Castro Ferreiro]";"26/08/19 14:29";"SIA 1497631 -- Expediente 757/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"757/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0412 [Resolución Alcaldía]";"26/08/19 14:29";"Pago a xustificar aboamento entradas aquapark Cerceda ( excursión fin de actividades --";"732/2019";"Autorización de Pagos a Xustificar";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0411 [RESOLUCION DA ALCALDIA LISTA DEFINITIVA BOLSA LIMPADORES/AS]";"26/08/19 8:56";"BOLSA DE EMPREGO CATEGORIAS: LIMPADORES/AS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS --";"691/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0410 [RESOLUCION DA ALCALDIA LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS/AS BOLSA COIDADORES/AS]";"26/08/19 8:56";"BOLSA DE EMPREGO CATEGORIAS: COIDADORE/AS AULA ACOLLIDA";"691/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0409 [RESOLUCION ALCALDIA LISTA PROVISIONAL COIDADORES/AS]";"14/08/19 14:48";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 691/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO CATEGORIAS: COIDADORE/AS AULA ACOLLIDA E LIMPADORES/AS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS --";"691/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0408 [RESOLUCION ALCALDIA LISTA PROVISIONAL LIMPADORES/AS]";"14/08/19 14:48";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 691/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO CATEGORIAS: COIDADORE/AS AULA ACOLLIDA E LIMPADORES/AS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS --";"691/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0406 [RESOLUCION DA ALCALDIA CONTRATACION AUX ADTATIVO





## Concello de Meaño

SERV. SOCIAIS SUSTITUCION TEMPORAL SHEILA BARREIRO BOUZADA];"13/08/19 8:48";"SIA 1490796 -- 200 Secretaría -- Expediente 256/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ATENCIÓN PRIMARIAS SERVIZOS SOCIAIS --";"256/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0407 [RESOLUCION DA ALCALDIA FORMACION BOLSA DE TRABALLO AUXILIAR ADTATIVO SERV. SOCIAIS];"13/08/19 8:48";"SIA 1490796 -- 200 Secretaría -- Expediente 256/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ATENCIÓN PRIMARIAS SERVIZOS SOCIAIS --";"256/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0405 [RESOLUCIÓN DE APROBACION];"12/08/19 14:43";"APROBACION DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTREA VICEPRESIDENCIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E CONCLELO DE MEAÑO PARA INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E MELLORA DA ILUMINACIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL --";"19/2019";"Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0404 [RESOLUCION ALCALDIA LISTA DEFINITIVA ENXEÑEIRO\_A];"9/08/19 13:47";"SIA 1490836 -- 230 Personal -- Expediente 455/2019 -- Múltiples interesados -- PROGRAMA FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO --";"455/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0403 [RESOLUCION CONVOCATORIA UNIDADE TECNICA];"8/08/19 14:49";"CONVOCATORIA UNIDADE TECNICA APERTURA DE OFERTAS NA PLATAFORMA DE LICITACIÓN SILEX PRESENTADAS A OBRA APLICACION DE PAVIMENTO DEPORTIVO PUNTOELASTICO";"214/2019";"Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0402 [Decreto da convocatoria CEC 13-8-19];"8/08/19 14:22";"Expediente CEC/2019/5 -- Convocatoria para o día 13 de agosto de 2019";"CEC/2019/5";"Convocatoria de A Comisión Especial de Contas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0401 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento Marco Mendez Chan];"8/08/19 14:21";"SIA 1497631 -- Expediente 718/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"718/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0400 [Decreto da convocatoria C.I.Infr. Urbanismo];"8/08/19 14:20";"Expediente CIUD/2019/1 -- Múltiples interesados -- Convocatoria Comisión Informativa P.I.I.U.D."; "CIUD/2019/1"; "Convocatoria de Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0399 [Decreto da convocatoria Pleno 13/8/19];"8/08/19 14:20";"Expediente PLN/2019/10 -- Múltiples interesados -- Convocatoria Pleno da Corporación de data 13 de agosto de 2019."; "PLN/2019/10"; "Convocatoria de O Pleno"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0398 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio Jose Lopez Abal];"7/08/19 12:06";"SIA 1497615 -- Expediente 690/2019 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --";"690/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0397 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Omisión Domingo Alonso Lamas];"7/08/19 12:05";"SIA 1497631 -- Expediente 692/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por omisión --";"692/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0395 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Todor Radev Vasilev];"7/08/19 12:05";"SIA 1497631 -- Expediente 697/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"697/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0396 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Maria Ivanova Vasileva];"7/08/19 12:05";"SIA 1497631 -- Expediente 697/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"697/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0394 [RESOLUCION ALCALDIA LISTA PROVISIONAL ADMINISTRACIÓN E FINANZAS];"6/08/19 19:53";"SIA 1490836 -- 230 Personal -- Expediente 455/2019 -- Múltiples interesados -- PROGRAMA FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO --";"455/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0393 [RESOLUCION DA ALCALDÍA];"6/08/19 19:53";"AUTORIZACION DE MEDICIÓN DE RADÓN EN CENTROS LABORAIS MUNICIPIAIS --";"711/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0392 [TIRADA FOGOS FESTIVIDADE DEL CARMEN EN SIMES];"6/08/19 12:32";"SIA 1490846 -- 270 Permisos Medio Ambiente -- Expediente







## Concello de Meaño

712/2019 -- B36468486 PIROTECNICA LA GOULLA SL -- TIRADA FOGOS EN SIMES CELEBRACIÓN VIRGEN DEL CARMEN --";"712/2019";"Autorizacións Especiais para a Celebración de Espectáculos e Eventos";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0391 [RESOLUCION ALCALDIA LISTA PROVISIONAL ENXEÑEIRO/A]";"6/08/19 11:23";"SIA 1490836 -- 230 Personal -- Expediente 455/2019 -- Múltiples interesados -- PROGRAMA FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO --";"455/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0390 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Ainara Martinez Touris ( menor)];"5/08/19 14:11";"SIA 1497631 -- Expediente 685/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"685/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0389 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Juan Carlos Veiga Touris ( menor de idade)];"5/08/19 14:11";"SIA 1497631 -- Expediente 685/2019 --Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"685/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0388 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Yolanda Touris Martinez];"5/08/19 14:10";"SIA 1497631 -- Expediente 685/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"685/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0387 [RESOLUCION DA ALCALDIA APROBACION BASES SELECCION O TEU PRIMEIRO EMPREGO]";"5/08/19 9:08";"APROBACION BASES SELECCIÓN PROGRAMA FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO --";"455/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0386 [Decreto da convocatoria XGL 5-8-19]";"2/08/19 21:39";"Expediente JGL/2019/16 -- Convocatoria XGL sesión ordinaria de agosto";"JGL/2019/16";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0385 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA]";"2/08/19 15:38";"APROBACION DO EXPEDIENTE DE XERACIÓN DE CREDITO Nº 7/2019";"704/2019";"Elaboración e Aprobación do Orzamento";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0384 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA]";"1/08/19 12:56";"INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA ""MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN MEAÑO: IGREXA, PAZOS, VILARIÑO (SIMES) TANOIRA, PADRENDA."";"67/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0383 [RESOLUCIÓN INCREMENTO RETRIBUTIVO PREVISTO NO ORZAMENTO 2019]";"1/08/19 10:06";"RESOLUCIÓN ABONO INCREMENTO ADICIONAL DO 0,25 POR CENTO PREVISTO NO RDL 24/2018 DE 21 DECEMBRO, NOMINA MES DE XULLO";"80/2019";"Nóminas";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0382 [DOMICILIACIÓN BANCARIA NOMINAS XULLO 2019]";"1/08/19 10:06";"RESOLUCIÓN DE PAGO NÓMINAS DE XULLO 2019";"80/2019";"Nóminas";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0381 [RESOLUCION DA ALCALDIA]";"1/08/19 9:22";"INICIACION EXPEDIENTE CONTRATACIÓN INSTALACIÓN CLIMATIZACIÓN DE ALTA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CENTRO SOCIAL";"252/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0380 [GRATIFICACION PRODUCTIVIDADE XULLO 2019]";"31/07/19 13:42";"RESOLUCIÓN ASIGNACIÓN COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE XULLO 2019";"80/2019";"Nóminas";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0379 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA]";"31/07/19 12:22";"ORDENACION PAGO ANUNCIO";"51/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0378 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA]";"31/07/19 12:21";"SIA 1490882 -- 300 Intervención -- Expediente 695/2019 -- XERACION DE CREDITO 6/2019 MELLORA ABASTECIMENTO AUGA SIMES E PADRENDA --";"695/2019";"Elaboración e Aprobación do Orzamento";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0377 [RESOLUCION DA ALCALDIA DE APROBACION DA DOCUMENTACION TÉCNICA]";"31/07/19 10:16";"APROBACION DO PROXECTO DA OBRA MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN MEAÑO: IGLESIA, PAZOS VILARIÑO (SIMES) TANOIRA, PADRENDA";"67/2019";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0376 [resolucion alcaldia aprobacion bases bolsas traballo coidadores\_as e limpadores\_as]";"30/07/19 20:12";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 691/2019 -- BOLSA DE EMPREGO CATEGORIAS: COIDADORE/AS AULA ACOLLIDA E LIMPADORES/AS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS --";"691/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0375 [RESOLUCION DA ALCALDIA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN]";"30/07/19 20:12";"RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN EXECUCION DE SENTENZA TRAMITADO A ALEJANDRINA SAYAR AGUIÑO LUCIANO PIÑEIRO LAGO --";"422/2018";"Sancionador por Infracción Urbanística";"subscricións completa"  
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0374 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Yennys







## Concello de Meaño

Coromoto Torres Cegarra];"29/07/19 14:37";"SIA 1497631 -- Expediente 689/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"689/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa" "RESOLUCIÓN DE ALCALDIA 2019-0373 [LISTA PROVISIONAL COIDADOR TRIBUNAL DATA EXERCICIO]";"29/07/19 14:18";"LISTA PROVISIONAL ASPIRANTES ADMITIDOS EXCLUIDOS BOLSA EMPREGO COIDADOR/A TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIVALENTE";"629/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

O Pleno queda enterado da relación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 27 de xullo de 2019 e o día 27 de setembro de 2019.

### FORA DO ORDE DO DÍA

Ramatado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE manifesta que desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia unha moción referida á modificación do Regulamento Orgánico Municipal para a difusión pública dos plenos.

Consultada a secretaria-interventora sobre a procedencia da moción, sinala que, presentada a moción deberá xustificarse polo voceiro a urxencia e o Pleno votará sobre a procedencia do seu debate, para o que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da corporación.

O Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE pasa a dar lectura a devandita moción

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Manuel Radio Oubiña, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

### **MOCIÓN, REFERIDA Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL, PARA A DIFUSIÓN PÚBLICA DOS PLENOS.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A presente moción ten como obxecto regular a gravación en directo e a posterior emisión en diferido dos Plenos da Corporación, de maneira que a veciñanza, que non poida acudir a estes, estea informada do que sucede nos mesmos, favorecendo, deste xeito, unha maior transparencia na xestión municipal e mellorando a participación cidadá.

O Artigo 20 da Constitución Española, no seu apartado 1d) establece que se recoñecen e protexen os dereitos “a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión.” Mentres que no apartado 4) afirma “estas liberdades teñen o seu límite no respecto aos dereitos recoñecidos neste Título, nos preceptos das leis que o desenvolven e, especialmente, no dereito á honra, á intimidade, á propia imaxe e á protección da xuventude e da infancia.”

Pola súa banda, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no seu Artigo 88, apartado 1, así coma a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu Artigo 70, apartado 1, recollen que “serán públicas as sesións do Pleno. Non obstante, poderá ser segredo o debate e a votación de aqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.”

Ademais, o Artigo 69, apartado 1, da Lei 7/1985, de 2 de abril, anteriormente citada, determina que “as





## Concello de Meaño

Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local.”

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PsdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

### ACORDOS

1. Que se modifique o Artigo 17 do Regulamento Orgánico Municipal e onde di:

“As sesións do Pleno serán públicas e darase facilidades aos medios de comunicación social, incluso para retransmisións audiovisuais, se a importancia dos temas así o aconsellasen.

Ninguén poderá, sen estar expresamente autorizado polo Alcalde, realizar gravacións gráficas ou sonoras das sesións do Pleno.”

En diante diga:

“As sesións do Pleno do Concello de Meaño serán públicas e garantirán a máxima proximidade da xestión municipal aos intereses da veciñanza de Meaño.

As sesións do Pleno do Concello de Meaño, que non foran declaradas segredas, terán difusión pública a través de medios audiovisuais, mediante canais asociados ao espazo web oficial do Concello de Meaño. As imaxes deberán estar dispoñibles durante, como mínimo, seis meses desde a súa gravación.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro deste artigo, o Pleno poderá acordar por maioría absoluta que unha sesión se desenvolva con carácter segredo, cando o debate e votación dalgún dos asuntos incluídos na orde do día poida afectar ao dereito á honra, á intimidade persoal ou familiar ou á propia imaxe de calquera persoa.”

2. Que se adopten todas as medidas técnicas e aquelas outras necesarias, para que se poidan gravar os Plenos en directo e se emitan en diferido, mediante canais asociados ao espazo web oficial do Concello de Meaño.”

Rematada a lectura, pregunta o Sr. alcalde a secretaria-interventora como proceder; sinalando ésta que hai que considerar dúas cuestións:


1. Para considerar este asunto, que no foi incluído no orde do día, deberá procederse polo Pleno da Corporación á declaración de urxencia do mesmo e procedencia do seu debate, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

2. A aprobación da modificación do Regulamento Orgánico Municipal require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, para o que será necesario o informe previo da/o secretaria/o da corporación.

Polo que procede que se aprace o seu estudo quedando sobre a mesa ata a próxima sesión.

Sometida esta proposta á votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros acorda deixar este asunto sobre a mesa para a próxima sesión ordinaria.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.





## Concello de Meaño

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose os seguintes:

### Sr. Radío Oubiña.

#### ROGOS:

1- Lectura dos rogos sobre a velutina

“**ROGO** do Grupo Municipal Socialista no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Don Manuel Radío Oubiña, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Nos últimos anos veuse alertando de un crecemento progresivo da vespa velutina no noso concello, ao igual que na comarca do Salnés.

Estando utilizando moitos métodos eficaces para tratar de eliminar os nidos, pero o gran problema reside na localización daos mesmos. A información o é todo, e no caso da vespa asiática, o importante é localizar todos os nidos con características ambientais e así poder coñecer mellor a autoecoloxía da especie e por tanto, predecir cómo evolucionará a plaga.

Éste é un dos frentes nos que traballa a ciencia galega e, dende o ano 2018, e grazas a un proxecto co-financiado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación de A Coruña, existe unha plataforma de predicción da evolución da vespa velutina en Galicia, operativa gracias ao Centro De Supercomputación de Galicia (CESGA), creando unha aplicación móbil que leva por nome **VeluMap**.

Nesta App, os usuarios podrán comunicar a presenza de nidos ao CESGA, en tempo real. Ademais, permitirá ter información fideligna e actualizada da presenza da vespa velutina, unha información que ata o de agora, dependía de datos históricos. Os usuarios tamén podrán engadir imaxes e información complementaria sobre a localización dos insectos, que podrán identificar facendo uso dunha guía que pon a disposición a Consellería de Medio Ambiente.

A información recopilada subírase a unha base de datos que incluírá referencias sobre o lugar do avistamento, o seu clima e outros aspectos de interés.

Polo que formulamos o seguinte,

**ROGO:** Que por parte desta Alcaldía se realice unha campaña de concienciación sobre a vespa asiática, así como promover o uso da aplicación móbil VeluMap, para poder facer frente á plaga da vespa velutina.”

2- Pedimos máis presenza da policía local na hora punta en Mercadena.

3-Tamén que se xire adecuadamente o espello de diante de Mercadena, que serve de referencia aos conductores do Edificio Navaliño.

4- Despois de que pediramos a limpeza e acondicionamento dos merendeiros no anterior pleno, tamén sería conveniente sinalizalos, así como os parques, fontes, lavadoiros,...

5- Solicitamos que se revise a eficiencia enerxética dos edificios públicos.

6- Rogamos que se renoven os parques infantís do Concello.

7- Relacionado con anterior, solicitamos que se retire a pedra de perpiaño no parque de Coirón.

8- Instalación dun Parque Biosaudable no Parque Infantil de Coirón, diante do colexio ou traslado ao mesmo dos aparellos do Parque de detrás do Centro Médico, que semella





## Concello de Meaño

---

ter pouco uso.

9- Pedimos que se retiren as fontes ornamentais e sen función do concello, como sucede nos parques de Coirón e de Meaño.

10- Estaría ben mellorar os accesos ao contorno de Os Pasales, tendo en conta que acoden familias con nenos en bicicletas, carros de bebé, etc, ou, no seu defecto, aplicar medidas reductoras de velocidade nese contorno, para evitar riscos cos menores.

11- Revisión dos puntos de luz en diversas zonas do Concello, como por exemplo, en Axís.

12- Limpíouse o camiño desde A Balada ata San Mauro (Meaño), pero agora fai falta o asfaltado dese vial.

### PREGUNTAS:

1- Que sucede co pozo (de Amparo) de Meaño que está aberto e saíu nos medios? Ademais, no pleno de xullo preguntamos polo estanque nas Campinas en Cobas, mirárono? Tomáronse medidas?

2- Cando abre a Praza Pública-Aparcamento de Dena?

Contesta o Sr. alcalde que a previsión son quince días xa que o prazo de execución remata o nove de outubro.

3- Iniciouse alguna medida, para atender ao noso rogo do Pleno de xullo, respecto á dotación dun acceso seguro para peóns de Galiñáns ao Centro Médico, Xulgado, Casa do Concello...?

Contesta o Sr. alcalde que se falou cos propietarios para poder empezar a estudar que medidas se poden adoptar.

4- Finalmente, que pasa coa nosa petición de colocar as analíticas nas fontes? Vaise atender? Non?

Contesta o Sr. alcalde sinalando que é complicado porque se colocan e retíranos.

5- Limpíouse a fonte de Lagarei (Simes), deuselle saída a auga, etc. Teñen pensado facer máis actuacións nela? Agora mesmo non ten cano para saír a auga, o que fai imposible coller auga, valórase a posibilidade de colocarlle un cano, agora que ten pouca auga e antes de que veñan as choivas?

6- Nunha das Resolucións da Alcaldía fálase da designación de instructor de procedementos sancionadores en materia de tráfico. ¿A que se refire?

Contesta o Sr. alcalde para a tramitación das mesmas faise preciso un instrutor polo que se procedeu a nomear instrutora para a xestión coa Deputación Provincial.

7- Cómo vai a redacción/creación/modificación do novo ROM?

8- Saíu en prensa que se estaban a facer medicións de radón nalgúns edificios públicos do noso concello. Xa teñen resultados? Cales foron?

Contesta o Sr. alcalde que está contratado con unha empresa e de momento aínda non saíron os resultados

9- Na carreira solidaria, cantos produtos e kgs se xuntaron? Debería facerse máis publicidade





## Concello de Meaño

desa parte da carreira.

### Sr. Ásperez Montes.

\* Atender as necesidades de mellora e mantemento en parte da rede viaria e de pistas que de maneira directa dependen do Concello e onde algunha delas se atopan en condicións lamentables.

Adxuntamos fotos de algunhas delas das distintas parroquias, e ademais facemos mención e entendemos se deben atender de forma inmediata as seguintes:

-FORMARÍS en Paradela. En concreto para actuar sobre este vial xa hai entregada una recollida de firmas no Concello de veciñas e veciños afectados polas condiciónsna que se atopa, sendo o uso case imposible e de un risco elevado, desta pista pública que enlaza de maneira directa Paradela con Rial e podería enlazar con outros lugares

Coñece a situación? Pensafacer algo o respecto?

-Subida a LAXE ata CINCO CALLES en Lores, onde se tratou de solucionar o seu mal estado con un simple tapado de baches con gravilla, o cal o fixo incluso mais perigosa.

-PISTA DE PIÑAS en Xil. Falamos en diversas ocasións do mal estado no que está. Urxe capa de rodadura

-Pista dende o antigo vertedero ata o monte común en Xil

-PAZO DO MONTE en Padrenda. Vial con especial perigo tanto para a circulación como por posibilidade de derrumbe nunha das zonas. Hai solicitude de mellora presentada no Concello por parte de vecinos. Necesaria a súa ampliación

-Pista dende a fonte de AXIS ata a subida a que se dirixe a Fians

-Vial de servizo paralela a autovía na parroquia de Meañoco asfaltomoi deteriorado e que en algún punto causa charcos perigosos para a circulación

Estas son algunhas das que necesitan una inmediata actuación, si ben haioutrasmoitas necesitadas de melloras e das que taménadxuntamos fotos (en ....)

\*Urxe mellora no estado de cierre do campo de fútbol e xogos na casa de cultura de Cobas, na que o peche de alambrada está inservible e moi perigosa, con tubos podres e apoiados nas farolas, podendo causar en calquera momento una desgracia.

\*Situación dos postes no medio das estradas. Xa houbo algún accidente nos de Simes. Que xestión levou a cabo ó respecto dende que está de alcalde? Cando se van a retirar? Contesta o Sr. alcalde que o custo é moi elevado e estase vendo o mellor sistema para abaratar custos, tal vez no futuro teñamos que incluílos nos proxectos de obra.

\*Houbo colocada una cámara de grabación no no centro de Dena a altura de Mercadena, pero realmente sabe quen a colocou? Cal era a súa finalidade? Que autorización tiña do Concello? Cumpría coa normativa? Quen a retirou?

Contesta o Sr. alcalde que se preguntou a distintos organismos sobre a súa titularidade, comprobouse si dispoñían de licenza e ao final parece ser que foi unha cadea de alimentación e xa a retiraron.

\*Respecto a obra realizada na pista que se dirixió Lugar de Abuín, onde se consteue un





## Concello de Meaño

transformador. Existe ese informe ó que fixo referencia por parte do técnico do Concello? Cumpre a obra coas esixencias postas polo Concello nacorrespondentelicenza? Ten xa a empresa o fin de obra, e si non o ten váiselle conceder?

\*Na demanda por danos patrimoniais interposta por un veciño de Lores polos danos sufridos nas súas cepas durante a obra da Fonte de A Laxe, hai una sentenza definitiva? Canto foi o aboado polos danos, no caso de que fose condenado o Concello?

\*Nas resolución da alcaldía pasadas, figuran dos pagos por sancións de verquidos e por importe cada una de 2.500 euros (un total de 5.000). Coñece o motivo exacto? Está subsanado de maneira definitiva para evitar novas sancións?

Ademais hai un pago de outra sanción de 2.000 euros por NON atender un requerimento. Porqué non se atendeu? Está solucionado o problema referenciado nese expediente ou estamos expostos a maissancións por non estar arranxado?

\*Vaise facer obra no pavillón de Meaño. Estamos en condicións de garantir a boa funcionalidade ós usuarios (colexio e entidades deportivas), e que ese material non se verá afectado debido a condensación, goteiras existentes e a falta de peche nun dos fondos, ou voltaremos o esperpento do pasado no pavillón de Dena?

\*Está recepciónada a obra, e polo tanto, temos fin de obra, do Pavillón de XIL como o que real e legalmente debe ser?

\*Como vai a organización da futura festa do viño albariño?

\*Vaise a seguir mantendo (ou hai ) un contrato de mantemento da rede eléctrica cunha empresa externa? Sabe o gasto que anualmente ou mensualmente se lle está a aboar a esta empresa? Non son suficientes os medios propios do noso Concello? Porqué?

\*Fixo ou vai facer xestións para mercar os terreos e afrontar as obras do campo de fútbol do XIL?

\*Que está a pasar cós escritos (rogos, preguntas ou petición de información) que temos sin contestar? Reiteraremos estes durante estas próximas datas

\*Porqué lle está a resultar tan difícil e se nega a facer un convenio de patrocinio cos clubs deportivos do Concello que con equipos en categorías seniors (Dena, Xil, GAM, e Asmubal) tanto esforzo lles custa sair adiante e sen embrago foi tan fácil facer un patrocinio coa federación galega de fútbol para un torneo e pagarlle a esta entidade (que seguramente non necesita tanto os cartos pagados por todos os veciños de Meaño), e insisto, por patrocinio, 4.500 euros?

\*Cal está a ser a implicación do Concello co Plan Madruga do colexio As Covas de Meaño. Colabora con algunha partida económica?

\*Hai demanda por parte da ANPA, dos Mestres e de todos os usuarios do colexio de Meaño da instalación dun timbre. Porqué non se coloca? Entendemos e solicitamos se atenda esta demanda e se coloque ese timbre o antes posible, para evitar incluso situación graves e comprometidas que sabe están a suceder?

\*Hai ingresos no concello procedentes de intereses bancarios dos saldos bancarios nas contas do concello, e que nos últimos anos estivo case sempre por riba dos tres millóns







## Concello de Meaño

---

de euros, e que só o 1% poderían supor 30.000 euros o ano? Que vai facer ou está a facer vostede o respecto?

Contesta a Sra. secretaria que as entidades bancarias liquidaban mensual ou semestralmente os intereses xerados polos depósitos a como estiveran e colocábase un importe a prazo para obter maior rendemento pero nos últimos anos coa baixada de tipos desapareceu.

\*Como se está a seguir o funcionamento de centro de saúde de Dena. Parece ser que hai continuas deficiencias no servizo por falta de profesionais e en concreto sen servizo de pediatría.

Contesta Sr. alcalde que remitiu unha carta a Xerencia da Xestión integrada de Pontevedra Salnés amosando oposición a situación que se está a dar co servizo de pediatría a vez que se solicita se adopten as medidas non só para descartar o peche deste servizo senón tamén para que o reforcen un día máis a semana. Intención é que os pacientes de Meaño acudan a Portonovo e Meis a Cambados e a resposta é que no hai pediatras pero faremos forza para que Meaño non quede sen ese servizo. |

\*Hai una partida nas súas resolucións na que se contrata un bufete de abogados, en concreto Garrigues, por importe de 7.260 euros. Esta contratación faise para defenderse do recurso que temos presentado pola votación secreta en urna para elixir os representantes na Mancomunidade. Certo? .Pois entón a este respecto quero preguntarlle que si estaba vostede tan seguro de que o que facía era legal, porque agora precisa dos mellores e mais caros abogados de Galicia?

-E consciente vostede, Sr alcalde de todos os veciños, que polo seu interés e o seus soldo, vostede montou esta película, pero quen paga son e somos todos os veciños? O seu abogado, eses 7.260 euros ímolos pagar todos e debería pagalo vostede.

Rematadas as intervencións e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta e sete minutos, estendéndose a presenta acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

